



BANDO MUNICIPAL

O SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR.

FAI SABER:

Que conforme ó disposto no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crisis sanitaria polo COVID-19 e a Resolución do 15 de marzo do 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, ditouse por esta Alcaldía Resolución do expediente Nº 541/2020 do 17/03/2020, na que se ESTABLECEN AS SEGUINTE MEDIDAS EN RELACIÓN CO SERVIZO DE RECADACIÓN DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM 2020):

PRIMEIRO.- A oficina de recadación permanecerá pechada polo período que se establece na declaración do Estado de Alarma. Para calquera xestión que os administrados queiran facer deberana realizar telefonicamente, sendo os teléfonos de contacto do Servizo de Recadación os seguintes:

988 22 62 14 - 988 25 93 85

Como consecuencia desta situación especial, establécense as seguintes medidas:

SEGUNDO.- O período de cobro do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) do 2020, que finalizaba o 04/05/2020, **queda prorrogado ampliándose dito período de pago polo tempo transcorrido no Estado de Alarma**, se diten outras resolucións polo órgano competente ou por outras circunstancias que fagan necesario a súa ampliación.

Podéndose facer o pago de dito imposto dende o 1/03/2020 ata a data por determinar unha vez finalizado o Estado de Alarma.

TERCEIRO.- No caso de AUTOLIQUIDACIÓNS, os administrados deberán comunicarse telefonicamente coa oficina de Recadación, que lles facilitará o recibo para proceder ao seu pago.

CUARTO.- Os pagos dos tributos e prezos públicos municipais farase mediante transferencia bancaria ou nos caixeiros automáticos das Entidades Colaboradoras (ABANCA). No caso de escoller a transferencia bancaria a oficina de recadación facilitará o IBAN da conta de Recadación onde deben realizar os ingresos.

En O Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

